

A Cruña  
11.4.78

Maruxa e Luis Seoane  
Buenos Aires

Amicísimos:

Veño de ser nomeado conselleiro da Xunta de Galicia. Estóu confuso e preciso poñer as miñas ideas en orden. Con todo, quero que a miña primeira carta seña pra vós. Eu enteréime 48 horas antes da designación ao consultárenme e pedírenme autorización pra dar o meu nome. Puxen, pola miña parte, uns límites razoables á miña aceptación, pero non os puiden rebasar si quería ser fidel ao meu pasado e, por riba de todo, ao pasado dos nosos amigos. O dedo histórico, inexorable, señalóume a min, o máis cativo de todos. Puxéronse as cousas de tal xeito que, necesariamente, fatalmente, tiña que ser eu. As cousas misteriosas do destino.

A noticia, que causóu unha sorpresa fenomenal, non puido caer millor no país. O galeguismo, vello e novo, deu un respiro de alivio. Existía un sentimento xeneralizado de frustración que nada bó facía agoirar. Xa, cando menos, a atonía era cáseque total. A Prensa non puido ser máis xenerosa connigo. "Irreprocheble", "indiscutible", "invulnerable", son parte dos adxetivos que adicóu ao meu pasado democrático, liberal e galeguista. Entenden que connigo a Xunta pode ter algunha credibilidade. A responsabilidade, como veredes, non pode ser máis esmagadora. Por tanto, sin o elemento e a axuda dos amigos o meu fracaso pode ser irremediable. E de nada servirá que na miña estricta intimidade personal me sinta ledo e reconfortado niste intre inaugural. Pesie a todo estóu esperanzado. Porque, en definitiva, vivir non é máis cousa que agardar.

Non sabedes ben o que sinto a vosa ausencia. Pasaríamolo en grande comentando as vertixinosas, intrincadas, contradictorias, sorprendentes e, ás veces, alucinantes vicisitudes que me levaron á Xunta. Constituirían un extenso capítulo dun libro de Memorias.

Ainda co medo no corpo, recibide vós os dous as máis cinguidas apertas de nós os catro.

*Do meza /*